

ADDENDA AOS CRITERIOS DE PROMOCIÓN

XUSTIFICACIÓN:

1. Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020 e posterior declaración, o 13 de marzo, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da CA de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia no seu nivel IG como consecuencia da evolución da epidemia do Covid-19, polo que se establece, entre outras medidas preventivas, a suspensión das actividades académicas.
2. Real Decreto 463/2020 , do 14 de marzo (BOE nº 67) polo que se declara o estado de alarma e se acorda o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.
3. Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020... ante a situación de crise ocasionada polo Covid-19 (Norma de carácter básico que modifica o marco normativo que rexe o desenvolvemento do curso 2019/2020)

MODIFICACIÓN CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción (curso e etapa) establecidos no punto 15.3 do Proxecto Educativo do centro, axustaranse, atendendo as DIRECTRICES ESPECÍFICAS POR ENSINANZAS-CRITERIOS DE PROMOCIÓN (2.5) das Instrucións do 27 de abril de 2020, da DX de educación, FP e IE para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/2020, nos centros docentes da CA de Galicia, segundo deseguido se especifica:

Os criterios de promoción flexibilizaranse de maneira excepcional durante o curso 2019/2020 en todos os cursos de Educación Primaria, sen ter en conta limitacións que afecten ao número de áreas pendentes. A avaliación do alumnado terá en conta o seu progreso no conxunto de áreas. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional.

Ourense, 04 de maio de 2020